



Vivas nos luchamos. Tramas de resistencia y dignidad

Pepa Torres Pérez, Ed. San Pablo, col Periferias. 2025

Cando Pepa Torres me chamou para escribir esta recensión, invadiume, antes de nada, un profundo sentimento de responsabilidade. Pepa é para min un referente en moitos sentidos: pola súa maneira de estar no mundo, polo seu compromiso e pola súa forma de crer. Escribir sobre o seu último libro é un agasallo.

Hai libros que non se len só coa cabeza. *Vivas nos luchamos. Tramas de resistencia y dignidad*, de Pepa Torres, é un deles. Cada unha de nós achegárase a estas páxinas desde un lugar distinto. Eu fágoo como muller nova, feminista e crente, habitante dun tempo atravesado pola precariedade, a indignación, pero tamén por unha esperanza teimuda que se nega a desaparecer. Non entramos aquí buscando teorías ben

armadas nin respostas aos grandes problemas, senón palabras honestas que nomeen a vida tal como é e que nos empuxen a tomar partido, a comprometer-nos co mundo, coa sociedade, co barrio e tamén coa Igrexa.

Este non é un libro cómodo, aí atópase unha das súas maiores virtudes. Pepa escribe desde a intemperie, desde as periferias sociais, políticas e eclesiais, sen eufemismos nin rodeos. Os seus textos nacen da vida concreta: de desafuzamentos, de loitas veciñais, da defensa do dereito ao padrón, de mulleres que buscan as súas fillas, de comunidades que resisten sen grandes titulares nin promesas de vitoria. Son relatos con nomes propios, con rostros, con feridas visibles. Aquí non hai distancia nin neutralidade posible. Hai corpo, hai impli-

cación e hai unha convicción clara: vivir é loitar, e loitar é unha forma radical de vivir.

O título dinos todo. *Vivas nos luchamos* non fala só de resistencia, senón de dignidade. De non resignarse. Dese poder colectivo –especialmente das mulleres– que se organiza, protesta, acompaña e crea alternativas alí onde o sistema expulsa, descarta e silencia. O subtítulo, «Tramas de resistencia e dignidade», nomea ben o que atopamos: un tecido de relatos breves, diversos, entrelazados entre si, como retallos que, cosidos con paciencia e coidado, forman unha peza común organizada en diferentes bloques que dialogan entre si.

Ao longo do libro, Pepa denuncia con claridade estruturas políticas, económicas e eclesiais que xeran exclusión. No primeiro bloque, «Non no noso nome», resoa unha pregunta incómoda: en nome de quen se toman determinadas decisións?, a quen din representar cando deixan fóra ás máis vulnerables? Nomear a inxustiza, lémbra-nos, é xa un acto político. Non lavar as mans tamén. Como no Evanxeo, aquí

non hai espazo para a indiferenza: ou nos facemos samaritanas –capaces de deternos, tocarnos e cargar coa ferida allea– ou pasamos de longo como escribas cumpridoras da norma, pero lonxe da vida que se nos pon diante.

Continúa con «Esperanza», ese verbo que marcou tanto este 2025; aparece como unha acción concreta e encarnada. Non se trata de agardar tempos mellores, senón de xeralos colectivamente. De persoas e comunidades que, aínda sen garantías de éxito, seguen apostando polo común. Esta esperanza non anestesia a dor, atrévasea, como o fixo Xesús na súa maneira de amar e de estar con quen quedaba fóra. O Reino, parece dicirnos Pepa, aseméllase máis a unha mesa compartida que a discursos perfectos.

As fronteiras que atravesamos no libro non son só xeográficas. Son legais, administrativas, simbólicas, morais. Son muros que deciden quen conta e quen sobra, quen ten dereitos e quen debe xustificar constantemente a súa existencia. Ante estas fronteiras, a pregunta evanxé-

lica volve emerxer: de que lado nos colocamos? con quen nos sentamos? a quen deixamos fóra da mesa?

O último bloque, «Porque sen nós non se move o mundo, pero que mundo movemos?», late cunha forza feminista especialmente potente. Mulleres diversas, organizadas, crentes ou non, que sosteñen e coidan a vida nas rúas, nos barrios, nos movementos sociais e tamén dentro dunha Igrexa que tantas veces as invisibiliza. Un feminismo vivido como práctica política e espiritual, que non pide permiso e que non renuncia a transformar tamén o eclesial, seguindo a estela de tantas mulleres do Evanxeo que romperon moldes e sostiveron a comunidade, lembrándonos que o persoal é político e que, sobre todo, xuntas somos imparables.

Como lectora nova, este libro interpélame profundamente porque non idealiza o compro-

miso nin disimula o cansazo, porque fala dunha fe que non se vive desde o privilexio nin desde a comodidade institucional, senón desde as periferias. Unha fe que se pregunta, que dubida, que se enfada, pero que segue apostando polo Evanxeo como horizonte de xustiza e fraternidade.

Vivas nos luchamos non remata ao pechalo. Está feito para ser lido en grupo, discutido, subliñado, recreado na vida propia. Cada relato queda, en certo modo, aberto: o final de cada historia, de cada proceso de loita e de cada vida concreta, non está escrito totalmente. Tamén nos toca a nós decidir como continúa. Ler a Pepa Torres é unha invitación clara e esixente: que vida defendemos? desde onde loitamos? con quen camiñamos? Unha invitación a implicarnos, a conspirar e a seguir loitando, vivas.

María Azargui Roura